

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de febreiro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e decanove minutos do día vinte de febreiro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(164).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase as actas da sesión extraordinarias e urxentes do 21 de xaneiro de 2009 e da sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(165).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/2117, 13/2287, 14/2147.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguinte persoas:

– D<sup>a</sup>. Ángela Carmen Goyanes Núñez. Expte. 2117/02.

- D<sup>a</sup>. Amparo Moreira Matos. Expte. 2287/13.
- D. Lorenzo Toledano García. Expte. 14/2147.

**3(166).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL PARA PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 3849/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 12.02.09, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 por un período máximo de 6 meses de duración a contar dende o día 5 de febreiro de 2009 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 3849/224.

**4(167).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POR UN IMPORTE TOTAL DE 23.762,41 €. EXPTE. 4458/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 12.02.09, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 6.02.09, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de xaneiro de 2009, por importe de 23.762,41 €.

Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**5(168).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS S.A. POR IMPORTE DE 32.049,93 €. EXPTE. 1691/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 9.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 4.02.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2009, por un importe de 32.049,93 € (trinta e dous mil corenta e nove euros con noventa e tres céntimos) a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219, polo importe total de 32.049,93 € (trinta e dous mil corenta e nove euros con noventa e tres céntimos).

3º.- Dispoñer o gasto a favor de Securitas Seguridad España S.A. e CIF A-79252219 para o abono da factura 3612V311112 polo importe total de 32.049,93 €, xa que se prestou coa calidade e as prestacións solicitadas, con cargo a partida 4631 2270100.

**6(169).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA DE DEPENDENCIAS, ACTIVIDADES E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DEPENDENTES DO SERVIZO DE CULTURA. EXPTE. 11436/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 27.01.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 19 de febreiro de 2007 a Xunta de Goberno Local resolveu adxudicar o concurso para a contratación do servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependente do servizo de Cultura á “Unión temporal de empresas formada por Securitas Seguridade, S.A. e Securitas sistemas de Seguridade, S.A. (C.I.F.: G-85009405)”*

*O prazo do contrato comezou o día 28 de febreiro de 2007 e ten unha duración de dous anos; este prazo pode-rase prorrogar en períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas (apartado 9 da folla de características do contrato (FEC), incluída no prego de cláusulas administrativas, prazo de execución e prórroga).*

*A través dun escrito, con entrada polo Rexistro Xeral do Concello o 21 de novembro de 2008, a empresa adxudicataria do servizo manifesta a súa dispoñibilidade para asumir o compromiso de prórroga dos servizos.*

*O xefe do servizo de Cultura informa que o servizo ven prestándose con corrección por parte da empresa adxudicataria, de acordo co establecido nas bases técnicas e administrativas.*

*En canto ao prezo do mercado do contrato está determinado polos importes dos prezos unitarios das diferentes modalidades das horas de servizo (laborables, festivas, laborables nocturnas, festivas nocturnas) e dos prezos trimestrais de mantemento das instalacións. No momento da adxudicación a oferta da empresa resultou a máis interesante para o Concello de Vigo, en función dos diversos criterios para a valoración das ofertas establecidos nas bases. Os prezos actuais das horas de servizo realizadas pola empresa coa que se propón a renovación do contrato por unha anualidade, son prezos que se axustan aos de mercado no momento de producirse a prórroga.*

*O importe de adxudicación do contrato para dúas anualidades ascendeu a 426.600,54 €, por tanto o importe anual foi de 213.300,27 € (196.652,16 € correspondentes a servizos de vixilancia e 16.648,11 € correspondentes a servizos de mantemento de instalacións).*

*Con data 5 de decembro de 2008 a Xunta de Goberno Local acordou a primeira revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia de dependencias, para o período de marzo 2008 a febreiro 2009, cun incremento do 3,7% sobre os prezos unitarios dos servizos.*

*Polo tanto este mesmo incremento debera producirse sobre o importe anual do prezo de adxudicación, así o custo total de contrato para o período anual de prórroga (28 de febrero de 2009 – 28 de febreiro de 2010), ascende á cantidade de 221.192,38 € (213.300,27 € do importe anual de adxudicación máis o 3,7%; dos que 184.326,98 € corresponden ao exercicio 2009 (28 febreiro-decembro) e 36.865,40 € ao exercicio 2010 (xaneiro-febreiro).*

*En concepto de vixilancia, o gasto sería de 203.928,29 € (169.940,24 € correspondentes ó exercicio 2009, e 33.988,05 € correspondentes ó exercicio 2010)*

En concepto de mantemento, o gasto sería de 17.264,09 € (14.386.74 € correspondentes ó exercicio 2009, e 2.877,35 € correspondentes ó 2010)

Estes gastos poderán imputarse á partida 4510.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

Polo exposto, tras os informes correspondentes e da Intervención Xeral, faise a seguinte PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“1. Prorrogar para o período 28 de febreiro de 2009 a 27 de febreiro de 2010 o contrato para a prestación de servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura, adxudicado a “Unión temporal de empresas formada por Securitas Seguridad, S.A. e Securitas sistemas de Seguridad, S.A. (C.I.F.: G-85009405)”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2007.

“2. O custo total de contrato para o período anual de prórroga, ascende a 221.192,38 € (douscentos vinte e un mil cento noventa e dous con trinta e oito), dos que 184.326,98 € corresponden ao exercicio 2009 (28 de febreiro-decembro) e 36.865,40 € ao exercicio 2010 (xaneiro-febreiro).

En concepto de vixilancia, o gasto sería de 203.928,29 € (douscentos tres mil novecentos vinte e oito con vinte e nove céntimos). En concepto de mantemento, o gasto sería de 17.264,09 € (dezasete mil douscentos sesenta e catro con nove céntimos),

Estes gastos poderán imputarse á partida 4510.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

“3. Os prezos polos que se rexirá a prórroga serán os actualmente vixentes de acordo co establecido nas cláusulas administrativas do contrato e primeira revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura, para o período marzo 2008 a febreiro 2009. Os prezos serán os seguintes:

- Hora diurna: 17,60 €
- Hora festiva diurna: 18,98 €
- Hora nocturna: 19,28 €
- Hora festiva nocturna: 20,66 €
- Mantemento dos sistemas de seguridade das dependencias: 4.316,02 €/trimestre

Os citados prezos son co IVE incluído; ser prexuízo da actualización que lle corresponda.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(170).- RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL AO OFICIAL DE OFICIOS D. JUAN A. BARREIRO VILA. EXPTE. 18529/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 12.02.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.01.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 17 de outubro de 2008, o traballador municipal D. Juan A. Barreiro Vila, con nº de persoal 16.484, oficial de servizos internos, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino 18, motivado no desenvolvemento durante máis de dous anos do posto de traballo de operador de informática.

Consultado o expediente persoal do interesado, comprobouse que por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 8 de xullo do 2005 –aplicatorio das modificacións en nómina derivadas da aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005)- o traballador citado foi adscrito ao posto de traballo denominado “operador informática en réxime laboral”, código 123, con efectos do 1 de xullo do mesmo ano. O dito posto, segundo consta na fotocopia da RPT 2005 mencionada, tiña asignado como parte das retribucións complementarias propias do posto un nivel de complemento de destino 17; posto que foi desempeñado polo traballador ata o pasado 30 de setembro do 2008, como así se dispuxo en Decreto do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 30 de setembro do 2008 acordando o cambio de adscripción a un posto vacante no Servizo de Informática con efectos do 1 de outubro.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23 de decembro do 2005 (expediente administrativo nº 16.151/220) acordou aprobar aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1 e C2 (antigos grupos D e E) de titulación; adecuación que, en relación ao posto de traballo denominado “operador de informática”, conlevou a reasignación do nivel de complemento de destino, fixándoo no nivel 18. A dita adecuación foi aprobada con efectos retroactivos do 1 de febreiro do 2005.

Fundamentos xurídicos:

I.-De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerá polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non esté reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou 3 con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.-Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do preceptuado nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer ao traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con núm. persoal 16484, oficial de servizos internos en réxime laboral, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 18, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto de traballo superior en dous niveis ao

grao inicial (16) por ter estado adscrito provisionalmente ao posto de traballo denominado “operador informática en réxime laboral”, nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro do 2005 (expediente administrativo nº 16.151/220) aprobatorio da aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1 e C2 (antigos grupos D e E) de titulación –no marco do cal asignouse ao posto o nivel de complemento de destino 18 con efectos do 1 de febreiro do 2005– segundo antecedentes relacionados na proposta de acordo, así como dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal e ao presente expediente administrativo.

Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería Municipal e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(171).- RECTIFICACIÓN DE ERRO EN ABOAMENTO DE CANTIDADE POR XUBILACIÓN ANTICIPADA. EXPTE. 18768/220.**

Visto o informe de Intervención Xeral, do 12.02.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.01.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 15 de decembro de 2008, acordou outorga-la xubilación anticipada e voluntaria a D. Eugenio González Diz e D. Enrique Fontán Alvarez, con efectos dende o 30 de setembro do 2008, xunto co outorgamento da indemnización establecida no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo (expediente administrativo nº 18634/220).*

*Segundo comprobacións efectuadas polo Negociado de Seguridade Social, foi detectado erro aritmético no apartado 2º do dito acordo, onde se establece o aboamento de 3.606,00 € a cada un dos traballadores en concepto de indemnización por xubilacións anticipadas, consonte ao disposto no artigo 33 do citado Acordo Regulador, tomando como referencia a idade de 64 anos, cando un deles -concretamente D. Eugenio González Diz, con DNI 35.529.082-Q- tiña 63 anos, polo que lle correspondería percibir 4.808,00 € e non 3.606,00 euros, como se contiña na proposta.*

*O artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, contempla que as Administracións Públicas en calquera momento poderán rectificar, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Consecuentemente, e previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral se efectúe de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, sométese ex artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno local a aprobaciónda seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Rectificar, consonte ao disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, o erro aritmético padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 15 de decembro de 2008 (expediente administrativo nº 18.634/220) en canto ao aboamento en concepto de indemnización por xubilación anticipada a D. Eugenio González Diz, con DNI 35.529.082-Q, acordando en consecuencia abonar o importe de 1.202,00 €, diferenza entre a cantidade realmente percibida (3.606,00 €) e a cantidade que debería percibir nos termos do artigo 33 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo (4.808,00 €), nos termos dos cálculos efectuados polo Negociado de Seguridade Social do Servizo de Recursos Humanos.*

*Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Tesourería Municipal aos efectos oportunos, significándolle que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(172).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO NON SENDO OFICIAL CONDUTOR A D. JOSÉ ALVAREZ RIVEIRO. EXPTE. 2476/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 6.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao funcionario D. José Alvarez Riveiro, con nº de persoal 10932, un complemento de produtividade pola conducción de vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade de 136.08 €, correspondentes ao 4º trimestre de 2008 (meses outubro-novembro), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

#### **10(173).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIALS Ó PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ANIVERSARIO DA POLICÍA LOCAL E DO DÍA DA CONSTITUCIÓN DO ANO 2008. EXPTE. 18797/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 9.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración do Aniversario da Policía Local e do Día da Constitución do ano 2008, aboarase ao persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achega no expediente e que inclúen a D<sup>a</sup> Angeles Garrido Domínguez e a D. Jose Ignacio Vicente Ferreira por unha cantidade total de 463,60 € .

**11(174).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS Ó PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POLA CELEBRACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2008. EXPTE. 18796/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 9.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración da Cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro de 2009, debendo aboarse ao persoal da Policía Local que figura nas relacións que se achega e que comeza por D Javier Alvarez Garcia e remata pro D Jose Manuel Sierra Castelo por unha cantidade total de 945.76 €

MOTIVO	NOME	Nº PERSOAL	IMPORTE
Cabalgata de Reis	Javier Alvarez Garcia	78744	118,22
Cabalgata de Reis	Diego Argibay Cusi	78745	118,22
Cabalgata de Reis	Moises Calvar Rios	79383	118,22
Cabalgata de Reis	Pablo Gonzalez Fernandez	77023	118,22
Cabalgata de Reis	Jesus Lemos Martinez	78758	118,22
Cabalgata de Reis	Jose Carlos Mallo Estevez	78732	118,22
Cabalgata de Reis	Oscar Rodriguez Villar	79117	118,22
Cabalgata de Reis	Jose Manuel Sierra Castelo	79130	118,22
			945,76

**12(175).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO NON SENDO OFICIAL CONDUTOR A D. JOSÉ ANTONIO SANDE VÁZQUEZ. EXPTE. 18799/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 9.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao funcionario D. José Antonio Sande Vazquez, con nº de persoal 22970, un complemento de produtividade pola conducción de vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade de 174.49 €, correspondentes ao 4º trimestre de 2008 (meses outubro-novembro), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**13(176).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO NON SENDO OFICIAL CONDUTOR Ó PERSOAL DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 18798/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 6.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer aos funcionarios que se relacionan a continuación un complemento de produtividade pola conducción de vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, por un total de 636.90 €,



correspondentes ó 4º trimestre de 2008, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

Nº PERSOAL	NOME	Nº DIAS	IMPORTE
13669	Jose Manuel Martinez Gonzalez	55	181,50
80672	Jose Manuel Martinez Garrido	31	102,30
79133	Primitivo Calles Santos	30	99,00
17779	Jose Luis Vazquez de Francisco	32	105,60
13787	Daniel Dominguez Alonso	30	99,00
78480	Jose Carlos Gutierrez Rodriguez	15	49,50
			636,90

**14(177).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA REALIZAR PROXECTOS COFINANCIADOS DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES ENTRE O CONCELLO E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA. EXPTE. 11216/310.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Sanidade, do 16.02.09, conformado pola concelleira delegada de Sanidade, a Xunta de Goberno local acorda:

1.º.- Solicitar ó abeiro da Orde de 23 de xaneiro a concesión dunha subvención para realizar proxectos cofinanciados de estilos de vida saudables entre o Concello e a Consellería de Sanidade da Xunta.

2.º.- Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo a representación para subscribir a solicitude.

**15(178).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE GRUPO INVERSOR 2004 S.L. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN NA VÍA BOLIVIA, 26-28. EXPTE. 57771/250.**

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 13.02.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, que di o seguinte:

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 03/02/09 GRUPO INVERSOR 2004, S.L.. con C.I.F. B83810903 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 07/11/2006 número de operación 200600054715 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 6.000 €, motivado polo permiso para circulación de camións na vía Bolivia, 26-28.*

*No informe de inspección de data 11/02/2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedaron en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 6.000 € (Seis mil euros), a favor de GRUPO INVERSOR 2004, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(179).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 248/322.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina Municipal de Voluntariado, do 16.02.09, conformado polo concelleiro delegado de dita Oficina, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a presentación do proxecto Fomento do Voluntariado no Municipio de Vigo co fin de optar á subvención segundo a convocatoria, realizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG de data 2 de febreiro de 2008, dirixidas ós concellos e ás comunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **17(180).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 28732/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.02.09, e o informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 13.02.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto que de 3.100.000 euros para a contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Vigo que se imputarán a partida 3130.227.06.01 dos presupostos dos anos 2009; 1010 e 2011.

2º Aproba-lo expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 13-01-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 26.01.2008.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**18(181).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS. EXPTE. 8485/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e o informe xurídico, ambos do 19.02.09, e de acordo coa proposta do director deportivo do IMD, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado de Deportes do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto do Convenio de Cooperación a subscribir entre a Xunta de Galicia e este Concello, manifestando a aceptación plena e sen reserva alguna de todas e cada unha das cláusulas que o integran.

2º.- Para a execución da infraestrutura consistente nun pavillón polideportivo en Candean, no marco do devandito Convenio, o Concello de Vigo comprométese ao seu financiamento por importe total de dous millóns setenta mil seiscentos euros (2.070.600,00 €), polo que solicitase a autorización do gasto polo importe total distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade 2009	(421.622.00.00)	400.000,00 €.
Anualidade 2010	(421.622.00.00)	1.000.000,00 €.
Anualidade 2011	(421.622.00.00)	670.600,00 €.

Así mesmo solicitase a autorización do gasto polo importe de 90.000,00 para os gastos referidos a redacción de proxecto e dirección de obra de acordo coa partida 4521.227.06.01

3º.- Para a execución da infraestrutura consistente nun complexo de atletismo en Balaidos o Concello comprométese a poner a disposición da Dirección Xeral para o Deporte os terreos de titularidade municipal sitos na rúa Pablo Iglesias s/n (Pistas Deportivas Balaidos – Vigo) cunha superficie de 21110 m2 (pistas atletismo) que se atopan libre de cargas e gravames, co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras.

Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición, son aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e atópanse urbanizados.

4º.- En canto ao uso das instalacións deportivas ás que se refire o convenio serán observadas, as prescricións contidas na cláusula sétima do devandito convenio.

5º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.

6º.- Unha vez finalizadas as obras, procederase o acto de entrega das instalacións do complexo deportivo de atletismo de Balaidos, o referido acto comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

*CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA) PARA A CONSTRUCION DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS.*

*En Santiago de Compostela, a*

**REUNIDOS:**

*A Sra. D.<sup>a</sup> Ánxela Bugallo Rodríguez, conselleira de Cultura e Deporte, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que é nomeada titular da Consellería de Cultura e Deporte, e do establecido no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.*

*O Sr. D. Santiago Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde do Concello de Vigo (Pontevedra), en exercicio das competencias delegadas pola resolución da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007 e ao abeiro do disposto no artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e expresamente facultado para este acto en virtude do acordo plenario adoptado para o efecto.*

*Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren, para tal efecto*

**EXPOÑEN:**

*I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27. 22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.*

*O Decreto 232/2005, do 11 de agosto de 2005, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG 12.08.05), atribúe á Consellería de Cultura e Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.*

*O Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, atribúe á Dirección Xeral para o Deporte, como órgano directivo daquela, as funcións relativas á colaboración coas administracións locais na promoción e difusión da cultura física e o deporte, e prevé a posibilidade da utilización, para o logro das funcións, de convenios interadministrativos.*

*A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: actividades ou instalacións deportivas (art. 25. 2.m).*

*No marco da Lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (art. 80.2.h), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (art. 198).*

*A Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 9 a posibilidade de colaboración da administración deportiva autonómica coas administracións locais.*

*II. As administracións públicas sinatarias deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestrutura, de forma que permita dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.*

*A Consellería de Cultura e Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese federativo.*

Fundamenta este convenio a finalidade de atender as necesidades que en materia deportiva presenta a infraestrutura do Concello de Vigo e satisfacer as demandas dos seus cidadáns.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Vigo subscriben este convenio, que se suxeitará ás seguintes,

#### CLÁUSULAS:

##### Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Vigo (Pontevedra) para a execución de infraestruturas deportivas consistentes nun pavillón polideportivo en Candean e nun complexo de atletismo en Balaídos.

##### Segunda: INVESTIMENTO PROGRAMADO

O investimento estimado ao que se refire este convenio fíxase en seis millóns novecientos sesenta e tres mil novecientos cincuenta e tres euros con vinteito céntimos (6.963.953,28 €), importe que comprende os orzamentos de execución por contrata con inclusión do IVE de cada unha das dúas obras de acordo coas memorias valoradas realizadas, e con exclusión dos honorarios de redacción dos proxectos e de dirección das obras, de conformidade coas seguintes estimacións:

Finalidade:	Importe estimado:
Polideportivo de Candean:	2.070.600,00
Complexo de atletismo de Balaídos:	4.893.353,28
Total:	6.963.953,28

##### Terceira: FINANCIAMENTO.

A Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte, financiará con cargo aos créditos orzamentarios desta, a execución das obras de construción dun complexo de atletismo en Balaídos (Pontevedra) con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e anualidades:

Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte):	
Aplicación orzamentaria:	12.04.441A.622.1
Código proxecto:	2006 00 290
Anualidade 2009:	250.000,00 €
Anualidade 2010:	1.000.000,00 €
Anualidade 2011:	1.500.000,00 €
Anualidade 2012:	2.143.353,28 €

O Concello do Vigo financiará, con cargo aos seus créditos orzamentarios, a execución das obras de construción dun polideportivo en Candean con cargo ás seguintes anualidades:

Concello do Vigo:	
Anualidade 2009:	400.000,00 €
Anualidade 2010:	1.000.000,00 €
Anualidade 2011:	670.600,00 €

Ao marxe dos compromisos económicos anteriores, cada unha das partes asinantes asume, con respecto á obra que se compromete a executar, os custes relativos á redacción do proxecto técnico e de dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde.

*Cuarta: COMPROMISOS DAS PARTES*

*1.- Con respecto á obra de construción dun polideportivo en Candeán:*

*O Concello de Vigo comprométese a:*

- asumir a contratación, de acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, do correspondente proxecto de obras así como asumir o seu custo*
- asumir a licitación e contratación, de acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, da obra de construción dun novo polideportivo en Candeán. Da mesa de contratación poderá formar parte, con voz e voto, un representante da Xunta de Galicia designado pola Dirección Xeral para o Deporte.*
- asumir os custos de dirección de obra e de execución e os derivados da coordinación de seguridade e saúde realizando as contratacións que foran precisas de acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, así como calquera outro gasto derivado ou relacionado coa obra de que se trata, incluídos tributos e gastos indirectos.*

*2.- Con respecto á obra de construción dun complexo de atletismo en Balaídos.*

*A Xunta de Galicia comprométese a:*

- a) asumir a contratación, de acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, do correspondente proxecto de obras así como asumir o seu custo*
- b) asumir a licitación e contratación, de acordo coa Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, da obra de construción dun complexo de atletismo en Balaídos. Da mesa de contratación poderá formar parte, con voz e voto, un representante do Concello de Vigo.*
- c) asumir os custos de dirección de obra e de execución así como os derivados da coordinación de seguridade e saúde e calquera outro esixido pola normativa vixente de aplicación.*

*O Concello de Vigo comprométese a:*

- a) Poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos axeitados e suficientes para posibilitar a execución da obra, de titularidade municipal, libres de cargas e gravames, aptos urbanisticamente para permitir a execución da obra programada e o conseguinte uso pretendido. O Concello deberá remitir á Dirección Xeral para o Deporte certificación acreditativa da súa disponibilidad.*

*Será responsabilidade do Concello de Vigo garantir que os terreos onde se pretende a execución da obra estean urbanizados. Entenderanse urbanizados aqueles que se atopen dotados ao pé de parcela de subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.*

*Os extremos anteriores serán acreditados polo concello respectivo mediante as oportunas certificacións, expeditas polos servizos administrativos correspondentes.*

*Cando os terreos que se poñan á disposición da administración contratante non se atopen urbanizados, o concello deberá comprometerse á súa urbanización simultánea coa execución das obras obxecto deste convenio e ao seu exclusivo cargo.*

- b) O concello será responsable de obter as autorizacións ou licenzas que foran preceptivas para a realización das obras, tanto municipais como sectoriais (estradas, costas, dominio hidráulico, etc.), con carácter previo á licitación da obra, e sufragar, se for o caso, e sen diminución dos seus compromisos*

*económicos asumidos no marco deste convenio, as taxas ou impostos que a expedición daquelas puideran xerar, así como calquera outro tributo que corresponda por razón das obras*

*c) asumir, unha vez recepcionada a obra, a súa explotación, mantemento e conservación dedicándoa a un uso público deportivo, de acordo co establecido na cláusula sétima deste convenio.*

#### **Quinta: OBRAS ACCESORIAS OU COMPLEMENTARIAS**

*A introdución de modificacións ou aprobación de obras accesorias ou complementarias respecto do proxecto inicial que se vaia executar será competencia exclusiva do órgano de contratación, que as acordará en razón da xustificación que presenten e da súa conveniencia e oportunidade. Non obstante, o financiamento daquelas que teñan a súa orixe nunha proposta ou solicitude municipal corresponderá ao concello.*

#### **Sexta: EFECTOS**

*Para que produza efectos será preciso que este convenio sexa aprobado pola Xunta de Goberno do concello simultaneamente cos compromisos económicos que ao concello lle correspondan de acordo coa cláusula terceira.*

*O concello de Vigo remitiralle á Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte) a certificación do acordo municipal ao que se refire o parágrafo anterior, así como certificacións de existencia de crédito bastante para facer fronte á anualidade do exercicio corrente e de existencia de autorización para a realización dos gastos plurianuais restantes, contraídos e contabilizados adecuadamente, conforme ao disposto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

#### **Sétima: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS**

*A xestión, mantemento e conservación de ambas instalacións deportivas, que terán como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere.*

*A asunción de tal responsabilidade, respecto da obra de construción dun complexo de atletismo en Balaídos, producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Dirección Xeral para o Deporte. Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.*

*O concello garante o uso gratuíto das instalacións cando se precisen para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Dirección Xeral para o Deporte.*

*Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. A Consellería de Cultura e Deporte, por solicitude dalgunha das partes, actuará de árbitro naquelas ocasións que pola súa relevancia ou interese o demanden.*

*No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.*

#### **Oitava: INDEMNIZACIÓNS**

*No suposto de que, unha vez adxudicadas pola Consellería de Cultura e Deporte as obras que se pretenden, no marco deste convenio, estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos á disposición da administración contratante ou por actuacións ou circunstancias imputables ao Concello, os prexuízos que esta situación puidese xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable.*

*No suposto anterior, sempre que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnizacións procederá a repercutirlle ao concello os importes aboados.*

*Décima: COMISIÓN PARITARIA*

*Para o seguimento do grao de execución deste convenio e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:*

*Dous representantes da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.*

*Dous representantes do Concello de Vigo (Pontevedra).*

*Undécima: VIXENCIA*

*Os compromisos económicos contraídos manterán a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo.*

*As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.*

*A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décima, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.*

*O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.*

*Duodécima.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE*

*Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público.*

*Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.*

*En proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.*



**19(182).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN E ACORDOS SOBRE OS CONVENIOS SUBSCRITOS CO REAL CLUB CELTA S.A.D.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, adoptanse os seguintes acordos:

**1.- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA S.A.D. EN ORDE Á UTILIZAICÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS E AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE BARREIRO E A MADROA.**

A Xunta de Goberno local acorda prestar a súa aprobación ao seguinte protocolo de colaboración co Real Club Celta S.A.D.:

*En Vigo, a 30 de xaneiro de 2009*

*Dunha parte, D.Abel Caballero Álvarez, Alcalde-presidente do Concello de Vigo, no exercizo da súas funcións de dirección política e da acción de goberno municipal que lle recoñece o artigo 124.4 da la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local.*

*Doutra, D.Carlos Manuel Mouriño Atanes, en calidade de Presidente do Real Club Celta de Vigo S.A.D., ostentando a representación legal desta entidade.*

*CONSIDERANDO a importantísima proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a militancia do Real Club Celta nas máis altas divisións do fútbol español; a significativa incidencia directa da actividade deste club deportivo en sectores económicos da cidade, como son o turismo, a hostelería e o comercio; a importante labor que esta entidade deportiva desempeña canto a formación da mocidade e, en fin, o arraigo do Real Club Celta e das súas seccións deportivas na historia da cidade de Vigo, que representaron e seguen a representar na actualidade un dos elementos máis relevantes para a difusión dos valores da cidade, determinaron a conclusión e aprobación polo Pleno do Concello de Vigo, en data 17 de maio de 1989, dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e esta entidade deportiva, para a utilización do estadio municipal de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio de colaboración que, cunha duración de 25 anos, a contar desde a súa aprobación plenaria, foi obxecto de modificacións en sesión plenaria de 28 de maio de 1992, dando lugar ao texto refundido do mesmo aprobado na mesma sesión plenaria, actualmente en vigor.*

*CONSCIENTE o Concello de Vigo da situación financeira do Real Club Celta de Vigo S.A.D. que levou ao seu Consello de Administración a solicitar a declaración en concurso de acreedores.*

*E RECOÑECENDO o importantísimo valor que para a cidade de Vigo continúa a significar o Real Club Celta así como a importancia de realizar todas as actuacións conducentes á coadjuvar á superación da crise financeira que atravesara esta entidade deportiva e presenvar, así, tal valor da cidade, o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, ao abeiro do disposto no artigo 124. 4. ñ) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e no exercizo das súas funcións de dirección da política e da acción do goberno municipal que o dito texto lle recoñece, e o presidente do Real Club Celta de Vigo*

*ACORDAN asinar o presente protocolo de colaboración nos termos que seguen:*

*Primeiro.- O presente Protocolo ten por obxecto establecer o marco xeral da colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta S.A.D. en canto á utilización do Estadio Municipal de Balaídos, e as instalacións deportivas de Barreiro e da Madroa, incluídos os locais e instalacións comerciais existentes, que continuará nos*

*termos e coas condicións pactadas no Convenio aprobado en sesión plenaria de 28 de maio de 1992, cuxo término pactouse para a data de 16 de maio de 2014.*

*Segundo.- En punto a utilización das indicadas instalacións deportivas, será directriz da acción do goberno municipal a de facilitar, de acordo coa lexislación en vigor, a continuidade da utilización das indicadas instalacións deportivas por parte do Real Club Celta S.A.D., con posterioridade á data de finalización do actual convenio.*

*Terceiro.- Ao expresado fin o goberno municipal e o Real Club Celta negociarán a modificación do actual convenio, a partir das determinacións e contidos incorporados ao documento que se achega como anexo a este protocolo, para a súa formalización, unha vez que o Real Club Celta saia do proceso concursal noque actualmente se atopa, na forma, co procedemento e demais determinacións legalmente esixibles.*

*Cuarto.- O presente protocolo rexerá desde o día da súa sinatura ata que, de acordo coa previsión da seu apartado primeiro, se formalice a modificación do convenio actualmente en vigor.*

*Quinto.- Este protocolo ten carácter administrativo e rexirase polo nel previsto aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector público para resolve-las dudas e lagoas que suscite a súa aplicación.*

*Sexto.- Dentro do mes de Febreiro do ano que andamos darase conta á Xunta de Goberno Local do presente Protocolo de colaboración, así como das determinacións e contidos do documento anexo ao mesmo, que se someterán a aprobación da Xunta de Goberno Local aos efectos previstos no parágrafo terceiro.*

## 2.- ACORDO DE NOVACIÓN MODIFICADA DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE O EX-CMO. CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA.

A Xunta de Goberno acorda prestar a súa aprobación ao seguinte acordo de novación modificadora do convenio suscrito co Real Club Celta S.A.D.:

*En Vigo, a 30 de Xaneiro de 2009*

### REUNIDOS

*Dunha parte, D.Abel Caballero Álvarez, Alcalde-presidente do Concello de Vigo, no exercizo da súas funcións de dirección política e da acción de goberno municipal que lle recoñece o artigo 124.4 da la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local.*

*Doutra, D.Carlos Manuel Mouriño Atanes, en calidade de Presidente do Real Club Celta de Vigo S.A.D., ostentando a representación legal desta entidade.*

*As partes recoñécense mutuamente plena capacidade para otorgar o presente acordo, e a tal efecto*

### EXPOÑEN:

*I-Con data de 7 de maio de 1989, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou o convenio suscrito co Real Club Celta, en virtude do cal se acordou otorgar ó Club a facultade de uso do Estadio Municipal de Balaidos e das instalacións deportivas de Barreiro, por un prazo de vinte e cinco anos contados dende a data de aprobación, nas condicións establecidas en dito Convenio.*

*II-Posteriormente, mediante acordo plenario de data de 28 de maio de 1992, o Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar un novo texto de Convenio suscrito co Real Club Ceta no ano 1989, que incorporaba determinadas modificacións a algunha das condicións establecidas no documento firmado, ratificando en tódolos seus termos o dereito de uso das instalacións deportivas do Estadio Municipal de Balaidos, e dos campos de deportes de Barreiro e A Madroa, otorgado ó Real Club Celta polo prazo de vinte e cinco anos, é que según o novo convenio remata o 16 de maio de 2014. Este convenio é o que se encontra actualmente en vigor.*

*III-Ambolos convenios teñen o seu fundamento na consecución, a través do desenvolvemento das actividades deportivas do Real Club Celta, duns obxetivos comúns que, como sinala o propio Convenio, derivarán en beneficios mutuos que, sen dúbida, coadyuvarán ó engrenxamento e proxección pública da cidade de Vigo e dos seus valores. A parte expositiva do convenio vixente recolle os fins nos que, fundamentalmente, incide a colaboración ámbalas entidades, e que en síntesis son os seguintes:*

*Proxección da imaxe pública da cidade de Vigo e do seu nome a través dun equipo que milite nas altas divisións de fútbol español.*

*Incidencia directa da actividade deportiva desenvolvida polo Real Club Celta nos sectores económicos da cidade ( turismo, hostelería e comercio) con reflexo nos postos de traballo e en maiores cotas de benestar social.*

*Arraigo do Real Club Celta e a súas seccións deportivas na historia da cidade de Vigo, representando sen dúbida un dos elementos máis relevantes que permitiron a difusión dos valores que Vigo representa.*

*Colaboración para que a cidade de Vigo consiga unha alta representación nas áreas deportivas que desenvollean un Club como el Real Club Celta, que permita a maior difusión posible da cidade.*

*IV-Na consecución destes obxetivos, o Real Club Celta, como Club que representa a referencia histórica e social máis destacada do deporte vigués, entre outras razóns, polo seu relevante repercusión mediática, ven utilizando as instalacións deportivas de titularidade municipal no marco de colaboración pactado co Excmo. Concello de Vigo, sen que dende o ano 1992 se haxa adaptado dito marco de colaboración á evolución e cambios experimentados tanto nas instalacións municipais como do Club.*

*V-Na actualidade, a situación económica -financiera que atravesa o Real Club Celta obriga a identidade a adoptar diversas medidas enmarcadas na execución dun plan de Viabilidade que ten como fin último preservar a continuidade e o futuro do Club. Para acometer dito plan de viabilidade e as inversións que conlleva é necesario, como aspecto básico, que dende un punto de vista deportivo o club teña garantizado o adecuado uso das instalacións de titularidade municipalnas que desenvolla as súas actividades deportivas durante un prazo superior ó que resta actualmente.*

*VI-Asimesmo, a aplicación do convenio suscrito co Concello de Vigo no ano 1992 puso de manifesto a insuficiencia y, nalgúns casos, ineficaz práctica dalgúns das súas previsións. O que indubieblemente influíu de forma negativa na situación financeira e estabilidade económica do club. E deu lugar que na execución do plan de viabilidade citado, resulte indispensable acometer a modificación daquelas previsións do Convenio que resultaron indebidamente gravosas para o club.*

VII-Neste escenario, para garantir a execución con éxito do plan de viabilidade que permita situar de novo ó Club na élite do fútbol nacional e de vangardias das entidades deportivas, fáiase necesario modificar o convenio vixente para adaptalo á experiencia dos anos de xestión, dotándolo de maior seguridade e eficacia de forma que permita a continuidade da labor deportiva desenvolvida polo Real Club Celta, todo elo en aras á mellor consecución dos obxetivos comúns de interese público que presiden o marco de colaboración entre esta entidade deportiva e o Excmo. Concello de Vigo.

VIII-Ante esta concurrencia de intereses comúns sobre unha materia na que existe unha larga colaboración, e co obxecto principal de garantir a continuidade na entidade deportiva, é desexo de ambas partes suscribir o presente documento co arreglo ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXETO

Ambas as partes recoñecen a plena validez e eficacia do dereito de uso do Estadio Municipal de Balaidos, das instalacións deportivas de Barreiro e dos dous campos de fútbol da Madroa, outorgada polo Excmo. Concello de Vigo ó Real Club Celta en virtude do conveio aprobado en sesión plenaria con data de 28 de maio de 1992, que continuará rexindo conforme ás condicións pactadas no mesmo, salvo que non quede expresamente modificado polos acordos que se recollen no presente documento, os cales entrarán en vigor no momento no cal se ratifique e aprobe este convenio ou acordo pola Xunta de Goberno Local.

#### SEGUNDA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Co fin de alcanzar os obxectivos citados nos expositivos anteriores mantendo a autorización do uso das instalacións deportivas outorgadas ó Real Club Celta e a esencia do acordo existente, ambas as partes coinciden en levar a cabo a modificación dos termos do Convenio aprobados o 28 de maio de 1992 co alcance que se indica a continuación:

1.- Exténdese a vixencia do Convenio ata o ano 2.034, de modo que o párrafo primeiro da cláusula segunda quedará redactado da seguinte forma:

“A utilización de Balaidos, Barreiro e A Madroa polo Real Club Celta e, polo tanto da vixencia do convenio, finaliza o 16 de maio do ano 2.034. o que supón unha prórroga de vinte anos do prazo inicial concedido”.

2.-Co obxecto de actualizar a previsión establecida no párrafo terceiro da cláusula terceira referido á publicidade interior do estadio, redáctase dito párrafo da forma seguinte:

“Igualmente, o Excmo. Concello de Vigo cede ó Real Club Celta de Vigo sen contraprestación ningunha, a explotación por si mesmo o por terceiros, da publicidade interior dos estadios de Balaidos, Barreiro e A Madroa (terreos de xogo, gradas e marcadores, etc.) durante a celebración de calquera competición deportiva na que intervenga o club, sendo da súa conta os custos que suponga dita explotación debendo ser retirada ou cuberta si así o exige o Concello noutros eventos nos que non intervengan o club. Asimesmo, corresponde ó Real Club Celta a xestión dos dereitos publicitarios derivados da imaxe dos seus deportistas, técnicos, símbolos, etc. Dentro das instalacións que é para as que se autoriza o uso”.

3.- *Actualízase a previsión establecida no párrafo cuarto da cláusula terceira, en relación ca explotación de bares e ambigús e locais existens nas instalacións cuyo uso se autoriza, de forma que dito párrafo queda redactado da seguinte forma:*

*“Ó Real Club Celta de Vigo ten dereito a explotar, por si mesmo, os bares e ambigús existentes nas instalacións para as que se autoriza o uso, o que se poidan abrir nas mesmas previa autorización do Concello, durante a celebración dos eventos deportivos relacionados co Club*

*Asemesmo o Real Club Celta de Vigo ten dereito a explotar en calquera forma, por si mesmo ou mediante cesión, dos locais ou entreplantas situados no estadio de Balaídos”.*

4- *Como consecuencia da aplicación do prazo, actualízase a previsión establecida no último párrafo da cláusula terceira, de forma que se substitúe a previsión establecida para o 2014 pola duración de 16 de maio do ano 2.034.*

*“Calquera autorización de publicidade que concede o Real Club Celta de Vigo non poderán sobrepasa-la data do ano 16 de maio do ano 2.034 e deberá ser comunicada ó Concello de Vigo coas circunstancias das mesmas no momento en que se produzan”.*

5.- *Respecto da previsión da cláusula cuarta, referida na obligación de pago dos consumos que se realicen como consecuencia do uso autorizado das instalacións, preténdese coa modificación concretar o alcance desta obriga para o Club de forma que quede restrinxida, única e exclusivamente, como resulta procedente, ó abono dos consumos que se produzan en virtude do uso das instalacións que realiza o Club, sen que esta obriga se poida extender, como ven ocorrendo na práctica, ó pago dos consumos que se realicen por terceiros tanto no uso das mesmas instalacións en outros eventos nos que nos participa o Real Club Celta como no uso simultáneo doutros locais que existen de forma independente nas mesmas.*

*Así, a cláusula cuarta quedaría redactada da seguinte maneira:*

*“O Real Club Celta deberá abonar todos os gastos que se deriven do uso que realice o Club das instalacións autorizadas, entre os que se inclúen expresamente os de electricidade e auga, quedando expresamente excluídos a os gastos que se ocasionen por terceiros tanto no uso das mesmas instalacións noutros eventos nos que non participa o Club como no uso simultáneo e que son alleos o Celta.*

*Para distinguir os consumos que deberá asumir o Club, se instalarán polo concello contadores separados e independentes que funcionarán exclusivamente durante o uso autorizado das instalacións que realice o Club, de este xeito que así se evite a repercusión sobre o Club daqueles consumos derivados do uso de terceiros das mesmas ou outras instalacións anexas.*

*En todo caso os consumos que son asumidos polo Club no inclúen os que derivan do cumprimento das obrigacións de mantemento das instalacións que correspondan o Concello segundo establecido na cláusula quinta deste Convenio, na medida en que ditos consumos derivan da obligación de mantemento do Concello como titular das instalacións. En particular, non serán pola conta do Club os consumos que deriven do mantemento do terreno de xogo de Balaidos, que tale e como resulta do Convenio corresponden íntegramente o Concello”.*

6.- A obriga de seguridade privada prevista na cláusula sexta que asume o Real Club Celta quedará limitada ós eventos deportivos e uso das instalacións nas que interveña o Club:

O persoal das instalacións e servicios, así como a vixilancia necesaria para o seu funcionamento, dependerá, a tódolos efectos, do Real Club Celta de Vigo naqueles eventos relacionados co Club”.

7.- Queda sen efecto a cláusula decimocuarta, referida á previsión futura da transformación do Club en S.A.D. ó quedar sen efecto.

#### *TERCEIRA.-CLÁUSULA DE SALVAGARDA*

O protocolo de colaboración, así como o convenio que finalmente se conclúa en orden a utilización polo Real Club Celta de Vigo SAD de instalacións deportivas municipais, quedaran suxeitos á condición resolutoria expresa consistente no feito de que o Real Club Celta de Vigo deixe de ser o equipo de fútbol representativo da cidade de Vigo, por traslado do seu domicilio a outro termo municipal, ou se produza unha modificación significativa do actual réxime da propiedade da S.A.D. que implique unha alteración sustancial dos titulares dos poderes de control da xestión do club, salvo que esta sexa autorizada pola Administración municipal. A denegación municipal de tal autorización, que deberá ser motivada, dará lugar a resolución de pleno dereito dos ditos protocolo e convenio se este fora xa concluído.

#### *CUARTA.-VALIDEZ E EFICACIA DO ACORDO*

Este acordo comenizará e será totalmente aplicable e eficaz dende o momento no cal se aprobe pola Xunta de Goberno Local.

### 3.- ACORDO CONCELLO DE VIGO – REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD., EN RELACIÓN AO ACTUAL CONVENIO QUE REGULA A CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE BALAÍDOS, BARREIRO E MADROA.

A Xunta de Goberno acorda prestar a súa aprobación ao seguinte acordo co Real Club Celta S.A.D.:

Reunidos no Concello de Vigo o venres día 30 de xaneiro de 2009,

Por parte do Concello de Vigo:

D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

D. Santiago Domínguez Oliveira, Tenente de Alcalde.

D. Carlos López Font, Concelleiro de Xestión Municipal.

Dna. Raquel Díaz Vázquez, Concelleira de Economía e Facenda.

D. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro de Deportes.

Por parte do Real Club Celta de Vigo, S.A.D.:

- D. Carlos Manuel Mouriño Atanes, Presidente do Real Club Celta de Vigo.
- D. Antonio Chaves, Director General del SAD Real Club Celta de Vigo.

**EXPOÑEN:**

*Que no día de hoxe firmouse un protocolo/convenio que se levará a xunta de Goberno no mes de febreiro do ano 2.009.*

*Que, sen perxuízo do establecido en dito protocolo as partes queren establecer outro tipo de pactos e acordos para aprobarse en dita xunta de goberno, os cales se recollen no presente documento, e a tal efecto.*

**ACORDAN:**

*Atendendo as diversas propostas, as partes representadas nesta reunión propoñen a sinatura por parte do Alcalde e Tenente Alcalde de Vigo e do Presidente do Real Club Celta de Vigo SAD., dos seguintes acordos:*

*Primeiro: O Real Club Celta de Vigo, SAD, como entidade beneficiaria do uso do Estadio de Fútbol de Balaídos, cederá o equipo composto polos xogadores da primeira plantilla para a celebración dos seguintes encontros en beneficio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, a cal podrá facer cos beneficios o que estime pertinente:*

- a.- 1 partido namentres o primeiro equipo se atope na 2ª división.*
- b.- 2 partidos no caso de atoparse o primeiro equipo en 1ª división.*

*A organización destes encontros será responsabilidade do Concello de Vigo a través da Concelleira de Deportes, asumindo expresamente todos os gastos ou custes, agás o pago o Real Club Celta de Vigo, o cal a súa participación será gratuita e realizaranse cada tempada durante a vixencia do convenio de uso de Balaídos.*

*Neste sentido, a data dos partidos fixarase de mutuo acordo entre as partes. A falta do devandito acordo, disputarase nos mes de agosto do respectivo ano, debendo preavisar a Concellería de Deportes da súa celebración con dous (2) meses de antelación a data prevista para a súa celebración, co obxecto de que o Celta poida preparar a pretemporada.*

*Asemade no caso do que o Clube estivese na Primeira División, un dos encontros servirá como homenaxe o Xerente do Celta Sr Quinocho. Por tanto servirá para celebrar o Trofeo Memorial Quinocho da respectiva edición.*

*Segundo: O Real Club Celta de Vigo, SAD, como entidade beneficiaria do uso do campo de fútbol de Barreiro, cederá o uso do mesmo o Concello de Vigo no prazo máximo de 18 meses dende a data sinalada no presente contrato sempre e cando se cumplan todos e cada un dos seguintes requisitos:*

*Que a Concellería de Deportes entregue previa ou simultaneamente, totalmente rematado, para o uso por parte do Clube un novo campo de Fútbol de herba natural con unha grada. O campo debe cumprir coas esixencias da Real Federación Española de Fútbol e Liga Profesional de Fútbol para a disputa dos encontros pertencentes a Liga de Segunda B e liga de Filiais.*

*Que o campo se ubique nas inmediacións das instalacións deportivas da Madroa.*

*Que o custe sexa asumido pola Concellería de Deportes o outros entes alleos o Clube.*

*Que se entregue o campo mediante un acordo polo concello no cal se substitúa o uso do mesmo polo uso concedido no convenio acordado nesta mesma data para o Campo Municipal de Barreiro, respetando todas e cada unha das condicións que se recollen neste protocolo/convenio para o uso de Barreiro. Isto e, so se cedería o uso se se respetase polo concello mediante un acordo administrativo que o novo campo se cede nas mesmas condicións que estaría o Campo Municipal de Barreiro establecidas no Protocolo/Convenio asinado no día de hoxe.*

*Unha vez se cumpran ditas condicións o uso do Campo de fútbol de Barreiro será destinado aos equipos e funcións que determine a Concellería de Deportes.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.